

Estela bifronte de Nocelo da Pena

06015302

Datos de Localización

Obxecto en pedra

Inmoble:	Xacemento do San Pedro
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 61810072 Y: 465901993
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	NOCELO DA PENA
Lugar:	Nocelo da Pena
Tipoloxía:	Obxectos Varios
Tipo:	Obxectos Varios
Subtipo:	Obxecto en pedra
Denominación:	Estela bifronte de Nocelo da Pena



Características

Etapas Históricas Alto Imperio Romano

Estilo:

Descrición:

Estela bifronte procedente de Nocelo da Pena. Estaba formando parte da fachada da ermida de San Pedro e cando esta se arruina, o abade de Nocelo da Pena, don Antonio Bugallal, trasládala en 1835 ao adro da igrexa parroquial de San Lourenzo, facendo con ela e outras tres inscricións máis o pedestal dun cruceiro. Posteriormente, en 1897, o bispo don Pascual Carracosa y Gabaldón doounas ao Museo Arqueolóxico de Ourense.

Trátase dunha lápida opistógrafa decorada en ambas as dúas caras. Na cara A, sobre un plano rebaxado e enmarcado na parte superior por un baquetón liso, están esculpidas en medio relevo tres cabezas aliñadas e en posición frontal. As tres cabezas están descubertas, e o seu curto cabelo sobresa á altura das orellas; os seus perfís son alongados, e tanto a cabeza dereita como a central están inclinadas levemente á dereita. Ambos os dous laterais foron brutalmente desbastados en sentido oblicuo, seguramente cando foi encaixada na ermida de San Pedro. O plano que discorre na parte inferior utilizouse como campo epigráfico, no que só quedan as letras centrais do que indubidablemente era un texto máis extenso, dado que a pedra tamén sufriu aquí a perda dun importante anaco.

Na cara B están representados en medio relevo dous personaxes de pé e en posición frontal, lucindo sinxela e longa vestimenta ata por debaixo dos xeonllos, polo que varios autores considéranos "togados"; dispóñense a derramar conxuntamente un líquido dun vaso oferente sobre o que parece ser unha gran copa de libacións, que está aos pés; o personaxe da esquerda sostén na man dereita un vaso, e o da dereita cruza oblicuamente o seu brazo esquerdo por diante do seu corpo. Sobre o plano do fondo, entre as dúas cabezas, obsérvase a liña dunha inscrición moi borrosa, e polo menos outras dúas por debaixo do vaso que están a derramar. A parte superior das cabezas dos personaxes sobresaen actualmente do límite superior repicado da pedra, uns 2,5 cm e foron desbastados por detrás nesa profundidade ata a metade do cráneo.

En torno a esta peza existen dúas fronte de debate abertas: por un lado, a que fai referencia á propia tipoloxía da peza e, polo outro, a lectura das súas inscricións. En canto ao primeiro aspecto, actualmente, e despois de desbotar

a hipótese de que se trataba dunha ara, as discusións céntranse en se se trata dunha estela funeraria (como apunta Rivas Fernández, 1983) ou dunha estela votiva (tese defendida, entre outros, por Rodríguez Colmenero, 1997; 2000, a tenor do texto e a escea da cara B). No que respecta ás inscricións, e dada a dificultade de lectura que presentan, son múltiples e variadas as interpretacións existentes, polo que a modo expositivo seleccionamos as máis significativas:

Xaquín Lorenzo (1968):

Cara A: Tricivita[t / e]m Claud [u / nu]m aob[ri / gen] et ta[mag / anorum] ----- **Interpretación:** Conmemora un pacto federativo de tres pobos veciños: os C(a)ladunes, os Aobrigenses e os Tamagan. A palabra "tricivitas" aludiría ao resultado deste triple sinecismo (p. 28).

Cara B: Iovi O(ptimo) M(aximo)

Le Roux-Tranoy (1975):

Cara A: [L]ari(bus) Civita[tis / Li] m(icorum) Claud [ius] / Taciv[s] / et Ta[pilus]

Cara B: Tapilus / Taci[u]s / v(otum) s(olverunt)

Rivas Fernández (1983):

Cara A: [Q[uintus] L]abicius Ta[ngi / nus.] Mac(rini)· F(ilius)· Aur[ien / sis ·an(orum) LXI.] La(bicio)· Ov[ni(us) / f(ilio)· an(norum) XLI.] et ·T(itus)· V[enus / tus ·f(ilio)· an (norum) XXVI]· mate / r · et · uxori · carissi / mae h(ic) · s(itus) · e(st) · s(it) · t(ibi) · t(erra) · l(evis) · f(aciendum) c(uravit).

Rodríguez Colmenero (2000):

Cara A: M-a-tri(bus) civita(tis) / [pr(o) / A]m-ac(a)e Avi[t(a)e s(alute)] Taciu / s et Ta[pila] **Tradución:** Tacio e Tapila ofrecen este altar ás Nais da civitas (dos Límicos) pola saúde de Ámaca Avita.

Cara B: Tapila / (et) Taci[u]s / v(otum) s(olverunt) l(ibentes) [m(erito)] **Tradución:** Tapila e Tacio cumpriron o seu voto co ánimo compracido.

Julio Mangas (2001):

Cara A: [Ma]tri civita[tis] / [.]amâce · Avi[1-2?] / [1-2?] Taciv[1-2] / [.] S ET TA + +

Cara B: Non dá lectura.

Datación: Entre o 150 e o 250 d.C.

Autoría:

Materiais: Granito

Carac. Técnicas: Labrado

Alto: 47 cm.

Ancho: 37 cm.

Profundo: 12 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos: ☐

Perda Policromía ☐

Perda Material: ☐

Observacións: Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este ben moble está sometido ao réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Bibliografía: BARROS SIVelo, R., *Antigüedades de Galicia*. A Coruña, 1875, p. 193.
BELTRÁN, A., *Hispania Antiqua Epigraphica*. Suplemento anual de Archivo Español de Arqueología, Madrid, 1950-52, p. 22, nº cat. 287.

- FITA COLOMER, F., "Epigrafía latina de la provincia de Orense", en *Boletín de la Real Academia de la Historia*, XLII, 1903, p. 58.
- LE ROUX, P.; TRANOY, A., "Notes d'épigraphie romaine de Galice", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVIII, Santiago de Compostela, 1973, p. 221.
- LE ROUX, P.; TRANOY, A., "Problèmes épigraphiques de la province d'Orense", en *Boletín Auriense*, t. V, Ourense, 1975, pp. 271-279.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, pp. 27-29.
- MACÍAS GARCÍA, M., "Civitas Limicorum", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 6, 1899, p. 73.
- OSABA Y RUÍZ DE ERENCHUN, B., "Museo Arqueológico de Orense: la epigrafía romana del Museo" en *Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales*, t. IX-X, Madrid, 1948-49, p. 103.
- Revista *Hispania Epigraphica* (HEp-1997), nº 7, Servicio de publicaciones de la Universidad Complutense, Madrid, 2001, pp. 215-216.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J.C., "Sobre la identidad de la supuesta ara romana de la "Tricivitas"", en *Boletín Auriense*, t. XIII, 1983, pp. 75-98.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., "Puntualizaciones a unas *Fontes Epigráficas*", en *Boletín Auriense*, t. XXVII, 1997, p. 258.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., "Sobre los pueblos prerromanos del Sur de Galicia", en *Boletín Auriense*, II, Ourense, 1972, pp. 193-240.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, Portugal, 1987, p. 155-156.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp. 171-172.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., "Sobre un supuesto error epigráfico-histórico. Correcciones al ara de Bandua Aetobricus de Codesedo (Ourense) y a otros epígrafes de su amplio entorno", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XLVII, nº 113, Santiago de Compostela, 2000, pp. 43-45.
- TRANOY, A., *La Galice romaine*. Ed. De Boccard, París, 1981, p. 323.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, A., "La epigrafía latina en la provincia de Orense", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 2, 1898, p. 47.

Documentación: Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32078001.





